

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA E PESCA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

- 1370** *Real decreto 70/2017, do 10 de febreiro, polo que se establece a concesión dunha axuda excepcional de adaptación ao sector produtor vacún de leite e se modifica o Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural.*

O sector lácteo atravesa unha difícil situación, consecuencia da confluencia dunha serie de factores que deu lugar a un importante desequilibrio do mercado e a unha prolongada caída dos prezos pagados aos produtores.

Tanto a Comisión Europea como o Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente teñen articulado nos últimos anos numerosas medidas de apoio ao sector, con efectos a curto, medio e longo prazo. En xullo de 2016, a Comisión Europea anunciou un novo paquete de medidas de apoio ao sector, entre as cales se encontraba a concesión dunha axuda excepcional destinada aos produtores do sector vacún de leite ou doutros sectores en crise. Para iso, deben comprometerse a realizar unha ou máis actividades cuxo obxectivo sexa o desenvolvemento sustentable das explotacións e a contribución á estabilización do mercado.

Con este obxectivo aprobouse o Regulamento delegado (UE) n.º 2016/1613 da Comisión, do 8 de setembro de 2016, polo que se establece unha axuda excepcional de adaptación para os produtores de leite e doutros sectores gandeiros. O montante total da dotación orzamentaria para esta axuda é de 350 millóns de euros, dos cales 14.665.678 euros corresponden a España.

De acordo co regulamento, os Estados membros poden seleccionar a que sectores ou parte dos sectores destinan estas axudas e deben deseñar medidas orientadas á sustentabilidade económica e á estabilización do mercado, para o cal deben elixir entre unha ou varias das sete opcións recollidas no seu artigo 1.

España optou por destinar a totalidade da dotación orzamentaria ao sector vacún de leite que, polas súas características específicas, resulta especialmente vulnerable ás perturbacións e desequilibrios do mercado. Dentro deste sector, as pequenas explotacións e as que se encontran en zonas de montaña ou insulares e aquelas que, como consecuencia da crise, tiveron que conter ou reducir os seus efectivos gandeiros por diversas razóns, terán un trato preferente. Para iso, o deseño da axuda incluírá unha medida orientada, principalmente, a compensar a contención da produción, con obxecto de contribuír a equilibrar o mercado. Por outra parte, co fin de impulsar o desenvolvemento dos proxectos de cooperación que reforzan a posición dos gandeiros na cadea e a sustentabilidade das explotacións, unha parte dos fondos irá destinada a recoñecer o esforzo para mellorar a organización do sector, realizado polas explotacións integradas en organizacións de produtores.

Desta maneira, articúlense dúas medidas de apoio ao sector.

A primeira medida, en aplicación do establecido na letra a) do número 1 do artigo 1 do Regulamento delegado (UE) n.º 2016/1613 da Comisión, do 8 de setembro de 2016, débese dirixir cara aos gandeiros que non contribuíron de maneira substancial ao desequilibrio do mercado no sector lácteo, é dicir, pequenos agricultores, dentro do marco recollido na letra b) do número 1 do artigo 1 do Regulamento delegado (UE) n.º 2016/1613 da Comisión, do 8 de setembro de 2016, gandeiros cuxas explotacións se localicen en zonas de montaña ou insulares, e gandeiros que non incrementasen o seu censo de gando produtor de leite (censo, no sucesivo) durante os dous últimos anos.

Para fixar o limiar que debe definir o pequeno tamaño dunha explotación referido ao número de vacas, utilizarase o criterio fixado actualmente nas axudas asociadas ás explotacións de vacún de leite para establecer o importe diferenciado, 75 vacas, previstas no Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e o control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural. Esta cifra será, ademais, a que definirá o número máximo de animais subvencionados por explotación.

De igual maneira, cando neste real decreto se mencionen as zonas de montaña e insulares, entenderase que son as mesmas que se consideran como tales para os efectos da axuda asociada recollida na sección 4.<sup>a</sup> do capítulo II do título IV do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro.

Co obxectivo de evitar cargas administrativas adicionais aos gandeiros, utilizarase a información contida nas solicitudes de axuda da política agrícola común e a que está en poder das comunidades autónomas.

Para conseguir o obxectivo da letra a) do número 1 do artigo 1 do Regulamento delegado (UE) 2016/1613 da Comisión, do 8 de setembro de 2016, exíxeselles aos beneficiarios da primeira medida que non incrementen o seu censo en 2017. Para iso, realizarase unha comprobación en data do 30 de abril de 2017, de maneira que quedarán excluídos do pagamento da axuda aqueles produtores que nesta data incrementasen o censo de animais potencialmente subvencionables en relación co dito censo existente en 30 de abril de 2016.

Aos gandeiros que na data de finalización do prazo da solicitude única de 2016 se encontren incluídos no réxime simplificado de pequenos agricultores non lles será de aplicación ningunha das comprobacións para establecer o cumprimento dos requisitos en relación co tamaño, nin do compromiso de non incrementar a súa produción en 2017, por entender que a mera pertenza a este réxime os exime delas. No mesmo sentido de simplificación inherente a este réxime, óptase por conceder unha axuda a tanto global por cada gandeiro pertencente a el, independente do seu censo de animais.

A segunda medida, en aplicación do previsto na letra e) do número 1 do artigo 1 do citado Regulamento delegado (UE) n.º 2016/1613 da Comisión, do 8 de setembro de 2016, diríxese a mellorar a organización do sector e reforzar a posición do produtor fronte ao seguinte chanzo da cadea, mediante a súa integración nunha organización de produtores (OP). De igual modo se deben considerar os produtores agrarios que formen parte de entidades asociativas prioritarias (EAP) ou das entidades asociativas que a compoñen, en recoñecemento dos seus esforzos por mellorar a súa competitividade e orientar a súa produción ao mercado no marco da entidade asociativa prioritaria de que formen parte, respecto aos produtos para os cales foi recoñecida. Por iso, destínase unha porcentaxe dos fondos para os gandeiros que na data de entrada en vigor deste real decreto sexan membros dunha OP ou dunha EAP do sector vacún de leite e que se manteñan na OP ou EAP durante 2017.

Co fin de garantir a transparencia, a supervisión e a correcta administración dos fondos que a Unión Europea pon á disposición dos Estados membros, España está obrigada a informar a Comisión, entre outros aspectos, dos criterios obxectivos utilizados para a presente axuda, así como da avaliación da súa eficacia.

Dada a urxencia de adoptar medidas que afronten a situación descrita e o principio de simplificación administrativa e redución de cargas, as axudas concédenselles a todos os gandeiros que, cumprindo os requisitos, presenten a solicitude única no ano 2017, prevista no marco do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e outros réximes de axuda.

Prevese a concesión directa destas axudas dado que, de acordo co artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, concorren razóns de interese social e económico, polos motivos xa expostos.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, logo de informe do ministro de Facenda e Función Pública, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 10 de febreiro de 2017,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e orzamento.*

1. Este real decreto ten por obxecto establecer as normas reguladoras para a concesión directa dunha axuda excepcional de adaptación a determinados produtores de leite de vaca, en aplicación do Regulamento delegado (UE) n.º 2016/1613 da Comisión, do 8 de setembro de 2016, polo que se establece unha axuda excepcional de adaptación para os produtores de leite e doutros sectores gandeiros.

O procedemento de concesión destas axudas é a concesión directa dado que, de acordo co artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, concorren razóns de interese social e económico, dada a especial configuración do sector produtor de vacún leiteiro e a súa difícil e continuada situación de crise.

2. A dotación orzamentaria para a concesión da axuda excepcional de adaptación para os gandeiros do sector produtor vacún de leite, regulada mediante este real decreto, é de 14.665.678 euros.

3. A axuda articúlase nas seguintes medidas, independentes entre si e complementarias para os beneficiarios que cumpran todos os requisitos de ambas:

a) Medida destinada a non incrementar a produción, conforme a actividade recollida na letra a) do número 1 do artigo 1 do Regulamento delegado (UE) n.º 2016/1613 da Comisión, do 8 de setembro de 2016, para a cal se destina un financiamento máximo de 11.732.543 euros.

b) Medida destinada a incentivar a execución de proxectos de cooperación, conforme a actividade recollida na letra e) do número 1 do artigo 1 do Regulamento delegado (UE) n.º 2016/1613 da Comisión, do 8 de setembro de 2016, para a cal se destina un financiamento máximo de 2.933.135 euros.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos do presente real decreto serán de aplicación as definicións establecidas no artigo 3 do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e o control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural.

Así mesmo, entenderanse como zonas de montaña e insulares as mesmas que se consideren como tales en 2017 para os efectos das axudas asociadas previstas na sección 4.ª do capítulo II do título IV do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro.

Artigo 3. *Beneficiarios.*

1. Serán beneficiarios da medida a que se refire a letra a) do número 3 do artigo 1 os produtores de vacún de leite, sempre que:

a) Teñan a condición de agricultor activo e sexan titulares, en 30 de abril de 2017, de explotacións de tipo «produción e reprodución» ou tipo «pastos», e dentro do primeiro tipo, a nivel de subexplotación con clasificación zootécnica de «reprodución para produción de leite», «reprodución para produción mixta» ou «recrea de xovencas», inscritas en estado de alta no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (REGA) previsto no artigo 3.1 do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras.

b) Fosen beneficiarios de importes, antes de reducións e exclusións, das axudas asociadas previstas nas seccións 4.ª ou 7.ª do capítulo II do título IV do Real

decreto 1075/2014, do 19 de decembro, nos anos 2015 e 2016. Exceptuaranse desta condición os casos de cambios de titularidade da explotación gandeira como consecuencia de sucesión *mortis causa*, xubilacións en que se transmita a explotación a un familiar de primeiro grao, programas aprobados de cesamento anticipado da actividade agraria, incapacidade laboral permanente do titular, fusións, escisións e cambios de denominación ou do estatuto xurídico da explotación, todos eles debidamente notificados e aceptados pola autoridade competente durante eses dous anos.

Aos gandeiros que, na data de finalización do prazo da solicitude única de 2016, se encontren incluídos no réxime simplificado de pequenos agricultores, unicamente se lles exixirá ter sido beneficiarios dos importes indicados no parágrafo anterior, no ano 2015.

c) Presenten no ano 2017 a solicitude única prevista no Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, e marcasen o recadro ou recadros correspondentes á axuda regulada neste real decreto, previstas na disposición transitoria terceira do citado Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro.

d) Non incrementasen o número de animais con dereito a pagamento para efectos das axudas asociadas previstas nas seccións 4.<sup>a</sup> ou 7.<sup>a</sup> do capítulo II do título IV do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, entre os correspondentes á solicitude de 2015 e os da solicitude de 2016.

Exceptúanse dese requisito os titulares de explotacións cuxo número de animais con dereito a pagamento na solicitude de 2016 sexa igual ou inferior a 75, os gandeiros que na solicitude de 2016 fosen titulares de explotacións localizadas en zonas de montaña ou insulares e os gandeiros que na data de finalización do prazo da solicitude única de 2016 se encontren incluídos no réxime simplificado de pequenos agricultores.

e) Non incrementen durante 2017 o número de animais potencialmente subvencionables para as axudas asociadas previstas nas seccións 4.<sup>a</sup> ou 7.<sup>a</sup> do capítulo II do título IV do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, respecto dos que tiñan en 2016.

Para a verificación do cumprimento deste requisito comparárase o censo de animais potencialmente subvencionables en data do 30 de abril de 2017 e que, por tanto, estiveron na explotación do solicitante durante as catro datas que se consideran comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 30 de abril de 2017, co mesmo censo existente en data do 30 de abril de 2016 e que, por tanto, estiveron na explotación do solicitante durante as catro datas que se consideran comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 30 de abril de 2016, de maneira que quedarán excluídos do pagamento da axuda aqueles produtores que incrementasen o censo de animais potencialmente subvencionables entre as ditas datas.

Eximiranse desta comprobación os gandeiros que, na data de finalización do prazo da solicitude única de 2016, se encontren incluídos no réxime simplificado de pequenos agricultores.

2. Serán beneficiarios da medida a que se refire a letra b) do número 3 do artigo 1 os produtores de vacún de leite, sempre que:

a) Teñan a condición de agricultor activo e sexan titulares, en 30 de abril de 2017, de explotacións de tipo «producción e reprodución» ou tipo «pastos» e, dentro do primeiro tipo, o nivel de subexplotación con clasificación zootécnica de «reprodución para produción de leite», «reprodución para produción mixta» ou «recría de xovencas», inscritas en estado de alta no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (REGA) previsto no artigo 3.1 do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras.

b) Presenten no ano 2017 a solicitude única prevista no Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, e marcasen o recadro ou recadros correspondentes á axuda regulada neste real decreto.

c) Sexan membros, como máis tarde na data de entrada en vigor deste real decreto, dunha organización de produtores (OP) do sector vacún de leite das previstas no Real decreto 1363/2012, do 28 de setembro, polo que se regula o recoñecemento das organizacións de produtores de leite e das organizacións interprofesionais no sector lácteo

e se establecen as súas condicións de contratación, ou sexan membros dunha entidade asociativa prioritaria (EAP) ou das entidades asociativas que as compoñen, recoñecidas para leite e produtos lácteos de acordo co Real decreto 550/2014, do 27 de xuño, polo que se desenvolven os requisitos e o procedemento para o recoñecemento das entidades asociativas prioritarias e para a súa inscrición e baixa no Rexistro Nacional de Entidades Asociativas Prioritarias, previsto na Lei 13/2013, do 2 de agosto, de fomento da integración de cooperativas e doutras entidades asociativas de carácter agroalimentario, e manteñan, en ambos os casos, tal condición en 2017.

Para estes efectos, nos casos de cambios de titularidade da explotación gandeira como consecuencia de sucesión *mortis causa*, xubilacións en que se transmita a explotación a un familiar de primeiro grao, programas aprobados de cesamento anticipado da actividade agraria, incapacidade laboral permanente do titular, fusións, escisións e cambios de denominación ou do estatuto xurídico da explotación, será preciso que o transmitente fose membro da OP ou da EAP con anterioridade á data de entrada en vigor deste real decreto, e que o novo titular sexa tamén membro da mesma ou doutra OP ou EAP do sector vacún de leite e manteña tal condición en 2017.

No caso de que durante 2017 unha organización de produtores da cal é membro o beneficiario se integre nunha asociación de organizacións de produtores, ou se constituía ou integre nunha entidade asociativa prioritaria, manterase o dereito á axuda se o beneficiario se mantén como membro.

3. Non poderán ser beneficiarios de ningunha das medidas da axuda os gandeiros en que conorra algunha das circunstancias relacionadas no artigo 13, números 2 e 3, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4. De conformidade co previsto no artigo 11 da Lei 35/2011, do 4 de outubro, sobre titularidade compartida das explotacións agrarias, cando o beneficiario sexa a entidade titular dunha explotación de tal tipo, a axuda corresponderá por metades iguais a favor de cada un dos cónxuxes ou membros da parella de feito titulares desta.

#### Artigo 4. *Importe da axuda.*

1. O importe da axuda excepcional de adaptación para os gandeiros do sector produtor vacún de leite será a suma, de ser o caso, dos importes correspondentes a cada unha das dúas medidas de axuda establecidas, conforme o seguinte:

a) Medida establecida na letra a) do número 3 do artigo 1. O Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, segundo a información subministrada polas comunidades autónomas conforme o establecido no artigo 6.1 a), establecerá un importe unitario para percibir por cada animal elixible ata un máximo de 75 animais por cada beneficiario.

Sen prexuízo do anterior, para os gandeiros que, na data de finalización do prazo da solicitude única de 2016, se encontren incluídos no réxime simplificado de pequenos agricultores, establecerase un pagamento para cada un deles por un importe de 200 euros.

O cálculo do importe unitario por animal elixible farase dividindo o montante destinado a esta medida da axuda, establecido na letra a) do número 3 do artigo 1, descontando do montante total que se destine para o pagamento da axuda aos gandeiros incluídos no réxime simplificado de pequenos agricultores na data de finalización do prazo da solicitude única 2016, entre o total de animais elixibles. Este total de animais será a suma de todos os animais con dereito a pagamento procedentes das solicitudes aceptadas para o pagamento desta medida de axuda comunicados polas comunidades autónomas, conforme se establece no artigo 6.1.a).

En ningún caso o importe unitario deste pagamento poderá superar os 60 euros por animal.

b) Medida establecida na letra b) do número 3 do artigo 1. O Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, segundo a información subministrada polas comunidades autónomas conforme o establecido no artigo 6.1.b), establecerá o importe unitario para que perciba cada beneficiario, dividindo o montante destinado a esta medida

da axuda, establecido na letra b) do número 3 do artigo 1, entre o número de beneficiarios que cumpran os requisitos para tal axuda.

En ningún caso o importe unitario deste pagamento poderá superar os 750 euros por beneficiario.

2. No caso de que se producisen remanentes nos fondos asignados a unha das medidas de axuda, o Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente poderá reasignalos á medida onde non se producise o remanente.

3. Os importes unitarios así calculados para cada medida de apoio publicaranse na páxina web do Fondo Español de Garantía Agraria.

#### Artigo 5. *Financiamento.*

A Unión Europea financia a axuda prevista neste real decreto, nun importe de 14.665.678 euros, a través do orzamento de ingresos e gastos do FEAGA.

#### Artigo 6. *Información.*

1. As comunidades autónomas remitirán ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, antes do 30 de xuño de 2017, a seguinte información:

a) As solicitudes aceptadas para o pagamento, con indicación das que correspondan a beneficiarios incluídos no réxime simplificado de pequenos agricultores na data de finalización do prazo da solicitude única 2016, e o número de animais con dereito a pagamento na medida de axuda establecida na letra a) do número 3 do artigo 1.

Para estes efectos, os animais con dereito a pagamento para cada solicitante serán os mesmos que resultaron determinados para o pagamento na solicitude de 2016 en relación coas axudas asociadas das seccións 4.<sup>a</sup> e 7.<sup>a</sup> do capítulo II do título IV do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, limitados aos 75 primeiros animais por solicitante.

b) As solicitudes aceptadas para o pagamento na medida establecida na letra b) do número 3 do artigo 1.

2. Así mesmo, os organismos pagadores das comunidades autónomas remitirán ao Fondo Español de Garantía Agraria, antes do 8 de outubro de 2017, para cada unha das medidas, o número de beneficiarios e os importes totais aboados, para a súa posterior remisión por este á Comisión Europea.

#### Artigo 7. *Avaliación da eficacia.*

O Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente notificará á Comisión, como máis tarde o 15 de outubro de 2017, a avaliación da eficacia da medida, tal como se establece na letra b) do artigo 3 do Regulamento delegado (UE) n.º 2016/1613 da Comisión, do 8 de setembro de 2016.

#### Artigo 8. *Concesión, instrución e pagamento.*

1. A instrución do procedemento realizarana as comunidades autónomas para todos os beneficiarios que, reunindo os requisitos, marquen o recadro ou recadros existentes para o efecto na solicitude única prevista no Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, relativa, ao menos, ao coñecemento e cumprimento dos requisitos, a someterse ás actuacións de control que determine a comunidade autónoma, á exigencia de non encontrarse incurso en ningunha das circunstancias relacionadas no artigo 13, números 2 e 3, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e ao compromiso correspondente segundo a medida de non incrementar o censo de vacas en 2017 ou de manterse na OP ou na EAP durante 2017.

De conformidade co previsto no artigo 11 da Lei 35/2011, do 4 de outubro, cando o beneficiario sexa a entidade titular dunha explotación agraria de titularidade compartida, a solicitude realizarase a nome da entidade de titularidade compartida que constitúe a citada explotación.

2. Unha vez asignadas polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, de acordo co artigo 4, as contías unitarias das dúas medidas, as autoridades competentes das comunidades autónomas comprobarán de oficio o cumprimento dos requisitos con base nos datos e documentos existentes no seu poder, e concederán a axuda correspondente. En caso de que o beneficiario membro dunha OP ou EAP radique nunha comunidade autónoma distinta a aquela en que se recoñeceu a OP ou EAP, as comunidades autónomas establecerán os oportunos mecanismos de colaboración para a comprobación de tal requisito.

3. Os organismos pagadores das comunidades autónomas pagarán a axuda, como moi tarde, o 30 de setembro de 2017.

De conformidade co previsto no artigo 11 da Lei 35/2011, do 4 de outubro, cando o beneficiario sexa a entidade titular dunha explotación agraria de titularidade compartida, o pagamento efectuarase na conta bancaria asociada á titularidade compartida.

#### Artigo 9. *Control.*

Sen prexuízo dos controis que prevexan as comunidades autónomas no marco dos plans de controis das solicitudes de primas gandeiras, estas comprobarán antes do pagamento, con base nos datos existentes no seu poder, que os beneficiarios da medida establecida na letra a) do número 3 do artigo 1 non incrementaron en 2017 o número de animais que resultarían potencialmente subvencionables para as axudas asociadas previstas nas seccións 4.<sup>a</sup> ou 7.<sup>a</sup> do capítulo II do título IV do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, respecto dos que tiñan en 2016, e que os beneficiarios da medida establecida na letra b) do número 3 do artigo 1 manteñen a súa condición de membros dunha OP.

#### Artigo 10. *Incompatibilidade.*

As dúas medidas da axuda prevista neste real decreto serán incompatibles con calquera outra axuda que, para a mesma finalidade, obxecto e beneficiarios, poidan establecer en 2017 outras administracións públicas.

#### Artigo 11. *Reintegro.*

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, no suposto de se producir algún dos casos establecidos no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

#### Artigo 12. *Natureza e réxime xurídico aplicable.*

En todo o non previsto neste real decreto será de aplicación o disposto pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no seu regulamento, aprobado mediante o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, salvo no que afecte os principios de publicidade e concorrencia.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e o control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural.*

Engádese unha nova disposición transitoria, numerada como a terceira, no Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e o control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural, co seguinte contido:

«Disposición transitoria terceira. *Modelo de solicitude en 2017.*

Con vixencia exclusiva para a solicitude única do ano 2017, no modelo de solicitude única inclúiranse dous novos recadros, un por cada unha das dúas

medidas previstas na axuda excepcional de adaptación aos produtores de leite de vaca regulada en aplicación do Regulamento delegado (UE) nº 2016/1613 da Comisión, do 8 de setembro de 2016, polo que se establece unha axuda excepcional de adaptación para os produtores de leite e doutros sectores gandeiros que non desexen renunciar á axuda. Estes recadros deberán ser marcados, de ser o caso, por aqueles que desexen optar a ser beneficiarios destas, comprensivas, polo menos, dos seguintes aspectos:

a) Que o solicitante coñece e cumpre os requisitos para a percepción da axuda e se compromete a someterse ás actuacións de control que determine a comunidade autónoma.

b) Que o solicitante non se encontra incurso en ningunha das circunstancias relacionadas no artigo 13, números 2 e 3, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

c) No caso dos solicitantes da medida destinada a non incrementar a produción, conforme a actividade recollida na letra a) do número 1 do artigo 1 do Regulamento delegado (UE) nº 2016/1613 da Comisión, do 8 de setembro de 2016, que se comprometen a manter en 2017 o mesmo número, ou inferior, de animais potencialmente subvencionables, respecto dos que tiñan en 2016, excepto que se trate dun gandeiro que, na data da finalización do prazo da solicitude única de 2016, estivese incluído no réxime simplificado de pequenos agricultores.

d) No caso dos solicitantes da medida destinada a incentivar a execución de proxectos de cooperación, conforme a actividade recollida na letra e) do número 1 do artigo 1 do Regulamento delegado (UE) nº 2016/1613 da Comisión, do 8 de setembro de 2016, que se comprometen a manterse na organización de produtores ou entidade asociativa prioritaria durante 2017, incluído o caso de que estas se integren en asociacións de organización de produtores ou se integren ou constitúan en entidade asociativa prioritaria durante ese ano.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, que corresponde ao Estado conforme o artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución española.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor e aplicación.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 10 de febreiro de 2017.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación  
e Medio Ambiente,  
ISABEL GARCÍA TEJERINA